



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Resolución do 1 de decembro de 2009 pola que se lle dá publicidade aos cambios producidos na Orde do 6 de outubro de 2009 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2010.

De acordo co disposto no artigo 6.2º da Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, dáse publicidade ao cambio producido na Orde do 6 de outubro de 2009 como consecuencia da Resolución do 1 de decembro de 2009 pola que se modifican os domingos e días festivos hábiles comercialmente para o concello de Ferrol, logo da correspondente solicitude do concello.

Os domingos e festivos nos cales os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público cun horario máximo de 12 horas diarias no Concello de Ferrol durante o ano 2010 son: 3 de xaneiro, 7 de xaneiro, 1 de abril, 4 de xullo, 5 de

decembro, 12 de decembro, 19 de decembro, 26 de decembro.

Para os restantes concellos comprendidos no ámbito de aplicación da dita Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, rexerá o disposto na Orde do 6 de outubro de 2009 (DOG do 15 de outubro).

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conseleiro de Economía e Industria

Resolución do 3 de decembro de 2009 pola que se conceden as axudas para o ano 2009 do Programa Manuel Colmeiro convocadas na Orde do 7 de agosto de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 171, do 1 de setembro).

A orde da Consellería de Innovación e Industria do 21 de maio de 2008 (DOG nº 105, do 2 de xuño), aproba as bases reguladoras do Programa Manuel